

**SENDA NA PO-313.
TREITO: CADRO - CADRELO (MARÍN)**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é definir e valorar os traballos necesarios para a execución dunha senda peonil e ciclista na marxe esquerda da estrada PO-313, no treito comprendido entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 4+120 e 5+035, no concello de Marín (Pontevedra). Esta infraestrutura ten como obxectivo fomentar a mobilidade sostible, mellorar a seguridade viaria e promover a integración territorial da contorna.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-313 *Marín - Moaña (PO-551)*, entre os PP.QQ. 0+000-3+050 e 13+130-16+420, pertence a rede local da Rede Autonómica de estradas de Galicia (RAEG); e entre os PP.QQ. 3+050-13+130, pertence á rede complementaria da RAEG.

3. Descrición da Actuación

- Execución dunha senda peonil e ciclista na marxe esquerda da vía (sen modificar o seu eixo), entre os PP.QQ. 4+120 e 5+035.
- Obras de reposición do paquete de firme completo da PO-313: reposición de todo o ancho da beiravía esquerda; reposición dos cruces da rede de drenaxe na contorna do trazado antigo da PO-313; e ampliación dun treito de plataforma pertencente ao trazado antigo da PO-313.
- Actuacións complementarias necesarias, tales como a execución de elementos de drenaxe, estruturas de contención e sostemento de noiros, execución dunha parada de autobús, instalación de varios tramos de varanda urbana, reposición de peches afectados, sinalización, balizamento e defensas.

4. Características técnicas

Sección tipo:

A senda contará cun ancho de 2,22 m (22 cm de bordo + 2 m de HF-3.5) + 0,50 m de beiravía, ampliándose en zonas puntuais onde a traza así o permita. Nas zonas onde sexa necesario afectar a construcións existentes (galpóns, muros e peches), reducirase a sección transversal a 1,8 m de senda + 0,50 m de beiravía, co obxectivo de limitar as afeccións.

Firmes e pavimentos:

- Senda: 45 cm de solo seleccionado tipo 2 de préstamo + 16 cm de capa de formigón coloreado HF-3.5 (cor terriza). O formigón reforzarase cunha malla de 150x150x6 mm de aceiro B500S.

- Obras complementarias nas que é preciso repoñer o paquete de firme completo da PO-313: 45 cm de solo seleccionado tipo 2 de préstamo + 35 cm de saburra artificial + rega de imprimación con emulsión asfáltica C60BF4 IMP + 10 cm de capa intermedia de mestura bituminosa quente (MBQ) AC22 bin BC 50/70 S + rega de adherencia con emulsión asfáltica C60B3 TER + 5 cm de capa de rodadura de MBQ AC16 Surf BC 50/70 S.

- Vaos peonís: 10 cm de formigón en masa HM-20 + 3 cm de morteiro de cemento M-5 + 3,5 cm de baldosa de formigón acabado podotáctil de advertencia ou direccional.

Drenaxe:

Proxéctase un sistema de evacuación das augas de escorrenta superficial conformado por unha rede de tubaxes e sumidoiros, que verterán os caudais recollidos cara aos puntos de vertedura existentes.

Estruturas:

Executaranse 5 muros de contención de noiros: 1 muro de mampostería de 7 m de lonxitude no P.Q. 4+334, 1 muro de perpiaño de 7 m de lonxitude no P.Q. 4+714, 1 muro de perpiaño de 4 m de lonxitude no P.Q. 4+787, 1 muro de mampostería de 20 m de lonxitude no P.Q. 4+899 e 1 muro de perpiaño de 5 m de lonxitude no P.Q. 4+997.

Obras complementarias:

- Execución dunha parada de autobús, na contorna do P.Q. 0+700 do eixo de replanteo do proxecto, e instalación de marquesiña modelo tipo rural.
- Proxección de varios tramos de varanda urbana ao longo do percorrido da senda peonil e ciclista.
- Reposición de peches afectados de fábrica de bloques, enreixado malla simple torsión ou peche de pedra.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Marín 24.154 hab.

TOTAL: 24.154 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Marín.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 9 (4 en solo rústico e 5 en solo urbano) no concello de Marín.

Solo	649,28 €
Bens afectados	1.440,00 €
Premio de afección 5%	104,47 €
Ocupacións temporais	8,07 €
Total Expropiacións:	2.201,81 €



8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.


9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	691.944,93 €
Orzamento de Expropiacións	2.201,81 €
Orzamento de Reposición de Servizos Afectados	5.600,78 €
Orzamento de Control de Calidade	12.348,49 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	712.096,01 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES



Sección tipo senda

